



“Os escritores inventan un montón de cousas para seguir falando...”

A Francisco Quiroga case que ninguén o coñece pero é o que che vende un tonel de bo viño no seu almacén de Malpica ou che fala dos sentimentos máis profundos que devalan a canda ás mareas no Bío da costa da Morte. Para Paco de Tano non hai mellor pseudónimo que o seu propio nome.

Ten previsto publicar proximamente o seu segundo poemario “Co sangue nos Beizos” que é o percorrido vital nun ano dun home ó que lle cambiou moito a vida, cando menos á vista dos que o coñecemos.

1-Que cousa é o teu libro? Defíneo como queiras.

“Con sangue nos beizos” pódese dicir que é un diario dun ano da miña vida, dos 40 ós 41 anos. O seu primeiro verso é “Hoxe cumplo 40 anos...”

2-Vivir en Malpica é determinante para escribir como escribes?

Si, pódese dicir que si. De Malpica ou da Costa da Morte en xeral. Este ao igual que o anterior “Xanela ao Bío” segue a mesma liña.

3-Por qué e para que escribes?

Escribo porque é coma quen libera a alma, ese “eu” interior que está metido nas entrañas...e escribo, primeiro, para min pero logo, loxicamente, xa non é teu. Xa un se sente feliz se alguén se identifica co que aí pon...



4-Cales ou como foron os teus primeiros contactos co mundo literario?

Ben, pois dende o principio, dende cando un empeza a ler, nace esa sensibilidade literaria... Daquela xa me gustaba inventar historias para contarlle ós compañeiros. Logo, pouco antes de facer o servizo militar dábaseme por escribir cancións que ó mesmo tempo eran poesías. Sempre quixen ser un músico de Rock... e así ata que un día xurdiu ese proxecto da Asociación Neria que se chamou “Rumbo ás illas” e para o cal me pediron unha colaboración e aí participei eu cunha composición no que foi a primeira vez que imprimín un poema. A partir de aí foi xa un non parar. Escribín coma un tolo...

5- Publicas agora o teu segundo poemario. Algún outro proxecto?

Vou facer, dentro de pouco, 44 anos e este “Co sangue nos beizos” fala da franxa dos 40 ós 41... Teño gardados tres libros máis. A miña intención é publicalos. Aparte desto quédanos por definir, un pouco, Caldeiron, e algo que me faría moita ilusión é, algún día poder publicar un libro de contos agora coa experiencia de ser pai.

6-Falaba X.M.Varela, co motivo da presentación do teu primeiro poemario “Xanela ao Bio” que habería que tratarte como “o poeta fundacional da poesía en Malpica”. Senteste así realmente?

Ben, si el o di é porque ten os coñecementos que lle permiten afirmar eso. Eu sen que sone a chulería síntome orgulloso de telo feito pero dende logo agardando que salgan moitos máis. O meu desexo é que moitos “salan dese armario” poético porque, efectivamente, eu sei de moita xente que fai poesía, que ten poesía gardada no caixón, e gustaríame que algunha vez se decidesen a dala á luz pública.

7- Canto hai de Malpica neste novo poemario?

Pois todo porque é a terra que corre polas miñas veas pero pódese dicir que un 50% ten sabor a mar e o outro 50% con sabor ó interior.

8- Nesta obra, coma a anterior, é unha edición de autor pero canta xente participou?

No anterior proxecto participaron Xusto Moreda co debuxo da portada, Enma Abella prologando o libro, Paco Souto con debuxos, Peter Schneider na fotografía e

Abrahan Vila no deseño final. Nesta só participou Inma Llanos co deseño e eu.

9-Como xurde a idea dun poemário? Hai unha idea previa ou vas xuntando poemas?

Ata este libro “Co Sangue nos beizos” o proceso era sempre atoparme cun conxunto de poemas e logo iles sometendo a un proceso de filtrado. Parecíame que todo tiña cabida neste libro. Nos próximos que teño en mente e en parte rematados foron, xa seguindo un guión determinado.

10- Cales son as referencias literarias de Paco de Tano?

Un pouco de todos. Todo o que un lle che queda metido na cabeza. Non teño ningunha en concreto aínda que neste libro do que estamos falando, un autor que me influíra algo pode ser Octacio Paz. Eu inspírome en todo. Todo me serve. O outro día via a unha muller que está sempre no estanco fumando pola fiestra e servíame para compoñer un poema que me saíu bordado.

Unha boa amiga miña, Paz Puente Greene, dicía unha vez que o que definía a miña escrita era que eu escribía coas tripas e paréceme boa definición.

11-Ademais da escrita Paco desenvólvese en moitos outros proxectos. En que andas agora?

Pois culminando proxectos que xurdiron no seu día gracias á Asociación Caldeiron.com como poden ser os certames de Poesía Erótica ou o dos Contos de Medo, todas estas cousas que fomenten a cultura, etc, aínda que a unha velocidade máis lenta do que a min me gustaría porque ademais de todo eso un ten que traballar para vivir.

Mañá sairá o Sol

Eu co espello na miña gaiola,

Corenta e un anos e un día

Esperando por alguén que non vén

Paco de Tano.



Cuestionario Panda:

- 1- Que é a poesía?** Vida e morte.
- 2- Para que serve?** Morrer ou vivir.
- 3- Cres en Deus?** Si.
- 4- Sabes o que aparece se por o teu nome en Google?** Non sei.
- 5- Un defeto?** Presumir pouco.
- 6- Unha virtude.** Crear.
- 7- Un libro?** A República dos Soños de Nélida Piñón. O último que estou lendo.
- 8- Un sitio?** A costa da Morte.
- 9- Un desexo?** Ser feliz.

Malpica de Bergantiños, finais de xaneiro de 2006.
Alberto Ferreiro é coordinador literario de Panda RR.LL.